

# Libros para un inverno

**As editoriais concentran a edición de narrativa, galega e traducida, nos últimos meses do ano**

DANIEL SALGADO 12/12/2008

Espiral Maior coloca nas librerías catro volumes da súa serie de poesía. Con *Libro de Alicia*, Olalla Cociña levou o galardón Fiz Vergara -"un libro que abraia pola súa visión", en palabras do seu editor, Miguel Anxo Fernán Vello-. Xavier Seoane, un nome clásico da promoción dos 80, retorna á primeira plana, logo de *Para unha luz ausente*, con *Do ventre da cóbrega*. Carlos Fonte (*Quero colo*) e Luís Pousa (*O embigo do mar*, edición bilingüe galego-castelá) estréanse en libro.